

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do
03/02/1961**

Colección:

Data: 03/02/1961

De:

Ramón Otero Pedrayo;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Trasalba (parroquial), Amoeiro (municipal), Ourense (comarcal)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Xesús Carro; Domingo Fontán; Vicente Risco;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do 03/02/1961

Trasalba, Ourense 3 do febreiro 1961

Sr. D. Lois Tobio

Meu querido e lembrado amigo: Sua carta tróuxome a meirande alegría. Estiven de viaxe. Por iso demorei a resposta. Escribireille con regularidade. Eiquí os amigos colabouradores desconfían da publicación. Soio ca saída de un bó volume renascería o entusiasmo. Xa lle escribirei con mais calma. Iestas letras son soio de agradecemento. Vai a concrusión do prólogo xeográfico. Pois iso e non Xeografía é o meu traballo. Cecáis estaría ben unha Bibliografía xeográfica de Galiza. O mapa grande vaise demorar moito. ¿Que tal unha boa fotografía do Venerable Fontán?. É grande e boa a ilustración cartográfica. Mire si fai falla algunha fotografía máis, por exemplo, de Vigo.. A Prehistoria pode estar en pouco tempo. Igual a hestoria dos Pelenírxes por Carro.. Do demais hai moito traballado e sin orgaizar.. O interesante é a pronta saída do volume de Etnografía, verdadeira obra prima, que xa perde por o moito tempo de agarde. O Risco xa non traballa con gosto máis do que en cousas literarias.. Enfín, dentro de dous días lle escribirei.. Sua carta devolveume a confianza. Saudos da miña muller. Lembranzas na sua casa. E ós amigos

Sempre seu vello aluminador [¿?]

R. Otero Pedrayo [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.